



Deputación
DA CORUÑA

Nº 60
03/10/2018

Boletín de Medio Ambiente



Praia de Langosteira

Concello: Fisterra

Características: é unha praia semiurbana cunha lonxitude de 1.970 metros e un nivel de ocupación medio. Atópase protexida do vento e as súas augas son tranquilas.

Servizos: dispón de aseos, duchas, papeleiras, aparcamento e servizos de vixilancia e socorrismo. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Acceso fácil en coche e transporte interurbano, pero difícil a pé.

Noticias

As Vías Verdes cumpren 25 anos con 2.700 km de senllas accesibles

As Vías Verdes españolas, antigos trazados de ferrocarril en desuso, cumpren 25 anos, durante os que incorporaron 125 itinerarios que suman 2.700 km de senllas accesibles que na súa maioría transcorren por espazos con valores naturais e paisaxísticos.

En concreto, España é o país con máis superficie incluída en Natura 2000, con 222.276 quilómetros cadrados (o 27,3% da superficie), e as "vías verdes" transcorren en gran parte por eses espazos.

Fonte: La Vanguardia

España vai camiño de non cumprir os obxectivos de reciclaxe da UE

A última revisión da aplicación das "Normas de xestión de residuos e reciclado en Europa" que realizou a Comisión Europea, indica que Bulgaria, Chipre, Croacia, Eslovaquia, España, Estonia, Finlandia, Grecia, Hungría, Letonia, Malta, Polonia, Portugal e Romanía corren o risco de non cumprir co obxectivo de reciclaxe establecida para 2020.

A Comisión levará a cabo plans de actuación para que estes países cumpran coa lexislación da Unión Europea. Entrén as medidas, ofrecerase asistencia técnica, axudas dos fondos estruturais e asistencia para o intercambio das mellores prácticas.

Fonte: 20 minutos

A Aemet activa un experimento para medir os gases de efecto invernadoiro

A investigadora e responsable deste proxecto Omaira García, subliñou a importancia deste tipo de medicións para coñecer as concentracións de dous dos principais gases de efecto invernadoiro nun ambiente moi poboado como é Madrid.

As estacións de calidade do aire miden outro tipo de contaminación, máis prexudiciais a curto prazo pero que se volatilizan con máis rapidez, e o novo instrumento mide os gases de efecto invernadoiro, que permanecen durante máis tempo e cuxos efectos son evidentes a longo prazo xa que son responsables do quecemento global. Este experimento permitirá cuantificar en tempo real e dunha forma exacta esas concentracións de gases de efecto invernadoiro, e podería ser unha das ferramentas para adoptar solucións que contribúan a mitigar os efectos do cambio climático.

Fonte: EFEverde

Protección para o oso grizzly

A Xustiza de Estados Unidos volveu a declarar ao oso *grizzly* de Yellowstone como especie ameazada, despois de que o Goberno o retirase o ano pasado da lista ao considerar que alcanzara unha poboación autosuficiente abrindo así a porta a súa caza.

A pesar do seu innegable crecemento, os osos de *Yellowstone* seguen illados da outra gran poboación deste animal en EE UU, ao sur da fronteira con Canadá, no Parque Nacional dos Glaciares (Montana), facéndolles aínda vulnerables. Razón pola que a xuíza do tribunal do Estado de Montana fallase que retirar da lista de especies ameazadas ao *grizzly* de Yellowstone sen ter en conta ás demais poboacións do país era unha decisión "ilóxica".

Fonte: 20 Minutos

Cerco á peletería

A semana pasada, a cidade de Los Ángeles comezou o procedemento para prohibir nun futuro a venda de artigos de pel, salvo coiro de animais domésticos. Esta decisión aumenta a presión contra o uso das peles.

Con todo, a pel continúa de moda, movendo 25.700 millóns de euros ao ano. China copa o 70% da produción mundial, seguida por Corea, Rusia, Estados Unidos e Europa. Nas case 5.000 granxas europeas prodúcese o 52% da materia prima mundial con 42 millóns de peles anuais. A de visón é a máis popular, con 39 millóns de exemplares criados. Séguelle a de raposo, con 2,6 millóns e, a moita distancia, a chinchilla, con 210.000 exemplares e a marmota con 160.000.

Reino Unido, Austria e Holanda prohíron a apertura de novas explotacións e en Dinamarca, paraíso das peles europeas con 1.533 factorías, as de raposo deixarán de existir a partir de 2023. En Noruega, criador destacado de raposo e visón, o goberno presentou un plan para eliminar as granxas de peletería en 2025.

España conta con 54 granxas peleteras (o 80% en Galicia) onde só se crían visóns: 750.000 no ano 2016.

Fonte: El País

Sabías que...

dar unha ducha que dure máis de 5 minutos consome a mesma cantidade de auga que se te bañases?

Aforrar auga en casa é clave para asegurar un bo uso dos recursos máis básicos. Accións como cerrar a billa mentres te lavas os dentes, te enxabonas as mans ou te afeitas son moi importantes.

Boas Prácticas

Convirten lixo en combustible para vehículos

Científicos da Universidade de Swansea, en Reino Unido, lograron transformar o plástico non desexado en hidróxeno, que á súa vez podería usarse para facer funcionar automóviles.

Os científicos din que este proceso podería ser máis barato que reciclar, porque se pode usar calquera tipo de plástico e non necesita limpase primeiro. Pode degradar todo tipo de refugallos, mesmo si hai comida ou un pouco de graxa, non detería a reacción, senón que a melloraría.

O estudo foi financiado polo Consello de Investigación de Enxeñería e Ciencias Físicas e unha compañía petroquímica de Austria.

Fonte: ABC

Tecnoloxía verde para replantar ata 100.000 árbores nun día con drons

CO₂ Revolution desenvolveu unha tecnoloxía que permite replantar ata 100.000 árbores nun día. Introdúcese a semente pregerminada, chamada 'iseed' dentro dunha cápsula biodegradable á que se engaden todos os elementos para que teña viabilidade na súa primeira fase de crecemento, pero que ten un 80% de posibilidade de éxito. A plantación realízase mediante drons cuns depósitos encostados.

Fonte: Ecoticias

Quince quilos de lixo nun paseo de medio quilómetro

Ourense participou onte na IX edición da limpeza simultánea do Proxecto Ríos. A actividade desenvolveuse onte en 51 municipios coa participación de 61 entidades de todo tipo.

O obxectivo desta iniciativa non era tanto o de limpar a fondo os ríos senón máis ben o de concienciar aos cidadáns da importancia de protexer as masas de auga fluviais. Recolleron moitas botellas, pezas de roupa e ata un tapacubos dun coche.

Fonte: La Voz de Galicia

Axenda Ambiental

- 28/09/2018 – 7/10/2018 Proxecto Libera. 1m² polas Praias e os Mares.
- 4/10/2018 – 5/10/2018 Congreso Nacional de Xestión de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos. Valencia
- Ata 10/10/2018 I Premio Internacional de Investigación en Innovación e Economía Circular. USC
- 12/10/2018 – 14/10/2018 ECOCULTURA, Feira Hispanolusa de Produtos Ecolóxicos. Zamora

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal